

Realizou o grafismo musical: *Ricardo Lázaro*
Mecanografiou os orixiais e colaborou na corrección de probas: *Ana Vallina*
Aconsellou e colaborou na gravación de cintas: *Victor Vega*
Traduciu a Introducción ó castelán: *Carlos Cristos*
Preparou o «master» da cinta que acompaña ó libro: *RNE na Coruña*

Foto da portada: *Victorina, Manuela e Dominga* (m91)

Imprime: División de Artes Gráficas de «La Voz de Galicia, S. A.». La Coruña

ISBN: 84-85728-42-4 (Obra completa)
ISBN: 84-85728-43-2 (Tomo I)
Depósito Legal: C. 1.092-1984

Cancioneiro Popular Galego

VOLUME I

OFICIOS E LABORES

Tomo I: Melodías

Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa»

RECOLLIDO E ORDENADO POR DOROTHE SCHUBARTH E ANTON SANTAMARINA

Cancioneiro

	I. Grupo: Cantos de labor	1
	1-10 a) labores varios..... (ordenados por tema, cadencia e ámbito estrutural)	1
	11-28 b) seituras	19
	(ordenadas pola localización xeográfica, cadencias e ámbito estrutural)	
	11-19 das provincias de Ourense e Zamora	
	20-28 das provincias de Lugo e León	
	II. Grupo: Cántigas sin función determinada	
29-100	a) ordenadas por cantidade de versos e cadencias	61
	29-40 2 versos	61
	41-97 4 versos	71
	41-50 cadencia principal 1	
	51-54 cadencia principal 2	
	55-75 cadencia principal 3	
	76-83 cadencia principal 4	
	84-97 cadencia principal 5	
	98-100 5 versos	151
101-104	b) Melodías descendentes da forma A A A A ou A A A B	156
	(ordenadas por ámbito e cadencia)	
	101 ámbito de 3. ^a	156
	102-103 ámbito de 4. ^a	158
	104 ámbito de 5. ^a	164
	a-c cadencia principal 2	
	d-v cadencia principal 3	
	w-bb cadencia principal 4	
	cc-kk cadencia principal 5	
105-109	c) cantos improvisados	200
	III. Grupo: Jotas	203
	(ordenadas por criterios formais)	
110-122	a) punto	203
	110-118 melodías coa forma A A	
	119-120 melodías coa forma A B	
	121-122 melodías de catro versos	
123-134	b) volta	214
	123-128 melodías de dous versos	
	129-134 melodías de catro versos	
	IV. Grupo: Muiñeiras novas	222
	(ordenadas polo desenrolo xenérico e morfolóxico)	
	135-139 cantos arcaicos	
	140-144 melodías con estrutura melódica do acorde de 1. ^o , 3. ^o e 5. ^o grao	
	145-148 melodías con influencia funcional	
	149-150 «molineira» de Ancares e muiñeira de Courel	
	151-154 mezcla e superposición dos xéneros	
	V. Grupo: Melodías novas	241
	(ordenadas por xénero de escala, cantidade de versos e cadencias)	
	155-162 melodías en maior	241
	163-168 melodías en menor	246
	169-174 melodías en mi	251
	Comentarios melódicos	265
	Bibliografía	275
	Índice de informantes	277
	Índice de localidades	297

Prólogo	VII
INTRODUCCIÓN	
I. Sistemas de clasificación	IX
II. A orde das melodías	XI
a) Cantos de labor	XI
b) Cántigas sin función determinada	XIV
1. Melodías ordenadas por cantidade de versos musicais e polas cadencias.	
2. Melodías coa forma A A A B	
3. Melodías improvisadas.	
c) Melodías novas	XVI
1. Jotas	
2. Muiñeiras novas	
3. Melodías varias	
III. Presentación e transcripción	XVI
IV. Escala e entonación	XVIII
V. Xéneros do canto popular galego	XXI
a) Cantos arcaicos de ritmo libre	XXI
b) Muiñeira vella e jota	XXIII
c) Muiñeira nova	XXXI
d) Outras melodías	XXXIII
Códigos	XXXIV

Prólogo

Este libro es el resultado feliz de la conjunción de dos esfuerzos: el de la Sra. Dorothe Schubarth, por una parte, y, por otra, el de la Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa». Esfuerzo abnegado e inteligente el primero, generoso y nobilísimo el segundo.

Cuando Dorothe Schubarth llegó a Galicia en el verano de 1978 traía ya en su haber una sólida formación en el campo específico de los estudios del folklore e incluso ya una importante publicación: **Das Volkslied in Europa** («El Canto Popular en Europa»), volumen que lleva como subtítulo «Vielfalt seiner Erscheinungsformen» («Diversidad de sus formas»), publicado en Lucerna (Suiza) en el mismo año 1978. Entusiasmada con el canto popular gallego comenzó inmediatamente su estudio a fondo, y no contenta con lo que encontraba en libros comenzó a recorrer nuestra geografía en busca del auténtico canto popular. Y lo que comenzó como un trabajo de unas semanas, durante unas vacaciones de su cátedra de armonía en la Academia de Música de Lucerna se convirtió en una pasión, que le hizo abandonar todo, para dedicarse a esta tarea, con un esfuerzo admirable.

Esfuerzo abnegado. Dorothe Schubarth no dudó en arrostrar las dificultades de viajes por aldeas y pueblos, para llevar adelante su propósito de recoger todos los materiales que pudiese, de los poquísimos que, desgraciadamente, ya quedan, del canto popular gallego, recogido en sus fuentes más puras.

Y esfuerzo inteligente. Ya desde un comienzo no se limitó, en la planificación de su trabajo, a la simple recogida de canciones, sino que simultáneamente acometió la labor de clasificación y de estudio. Y si en la fase de recogida de materiales se le presentaban a veces dificultades que parecían insuperables, pero que, sin embargo, eran capaces de vencer su entusiasmo y su voluntad, no menores eran las que le salían al encuentro al momento de pasar a la fase superior, del estudio, de la clasificación, de fijar criterios de transcripción, incluso de los textos. De tantas cosas...

Y así durante meses y meses... hasta que la Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», tuvo conocimiento del trabajo de la Sra. Schubarth y decidió inmediatamente patrocinar esta iniciativa, con un esfuerzo generoso y nobilísimo. Generoso, porque no solamente dotó a la investigadora de medios para vivir dignamente, sino que le proporcionó los que necesitaba para la realización de su trabajo e incluso para su publicación. Y nobilísimo, porque, consciente de que se trataba de una cooperación a la cultura gallega, no dudó en patrocinarla con toda generosidad, pero no con alharacas triunfalísticas, sino calladamente, tratando, simplemente, de cumplir la misión que se adjudicó a sí misma, de fomentar la cultura gallega con eficacia, pero sin alardes propagandísticos.

Dos aspectos fundamentales cabe considerar en esta obra: el de recopilación de materiales y el de su disposición en el libro. El primero no es nuevo: Inzenga y Pedrell, y sobre todo don Casto Sampedro primero y Torner - Bal y Gay luego —por citar sólo los principales— nos han dejado utilísimas recopilaciones de cantos populares de Galicia, por lo general clasificados por géneros. Pero no pasaron de ahí. Y los estudios que sobre nuestro folklore musical se han hecho sólo tienen, salvo contadas excepciones, una característica en común: la superficialidad, el repetir conceptos anteriores.

Doña Dorothe Schubarth, en cambio, ha sometido las canciones recogidas a un ulterior proceso de análisis. Proceso lleno de riesgos, que ella afrontó con decisión e inteligencia, introduciendo conceptos que entre no-

sotros son nuevos, estableciendo parámetros de clasificación originales, discutiendo incluso ciertos nombres tradicionales de formas que no encontraban refrendo en la realidad, por lo que necesitaban matizaciones, que a veces son más profundas de lo que pudieran parecer.

El resultado es un libro del todo nuevo, desacostumbrado entre nosotros. Un libro que, con toda seguridad, va a encontrar críticas, sino oposición decidida, en algunos ambientes. Pero un libro con el que en adelante habrá que contar. Un libro al que no es aventurado calificar como la máxima aportación jamás intentada hacia la conservación y conocimiento del folklore musical de Galicia.

Porque el volumen que hoy se presenta no es más que el primero de una larga serie. Una serie para la que la Sra. Schubarth y la Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde Fenosa», deberán seguir aunando esfuerzos, con la misma abnegación e inteligencia, y generosidad y nobleza, que hasta ahora, para bien de la cultura musical de Galicia. Una serie a la que sólo cabe desear que pueda ser conocida por el mundo entero, para difusión y conocimiento adecuado de esta parte tan importante de nuestra cultura.

El libro sale, justamente, bajo la paternidad de la Sra. Schubarth y del Prof. Antón Santamarina, pues éste tuvo una parte determinante en la metodología de la transcripción de textos y en su clasificación, así como en numerosos otros aspectos del trabajo.

JOSE LOPEZ - CALO, S. J.
Universidad de Santiago de Compostela
Febrero, 1984

Introducción

I. Sistemas de clasificación

1. Presentamos neste volume letras que se refiren a un traballo ou a un oficio coas melodías con que as interpretaban os informantes que nolas proporcionaron. Os textos e as melodías van ordenadas con criterios diferentes: as letras segundo un punto de vista temático e as melodías conforme a un punto de vista musical. (cf. §§ 10-26).

Os textos son susceptibles dunha ordenación sistemática e, en xeral, algún tipo de ordenación sempre se practicou por parte dos colectores de cantares (temática, alfabética ou métrica). Pero a sistematización de melodías non se tén intentado antes do principio deste século. Hoxe é considerada como necesaria polos musicólogos e etnomusicólogos porque unicamente desta maneira resulta posible orientarse na multitude de melodías e se fai practicable o camiño para un estudio comparativo de melodías.

2. I. Krohn (1902: p. 644) pide «unha ordenación de melodías por afinidades melódicas». Seguindo á súa orientación publícanse as primeiras coleccións de melodías ordenadas sistemáticamente: Launis (1910), Bartók (1923, 1925), Väisänen (1937, 1948).

Actualmente nalgúns arquivos de música popular onde se recollen grandes cantidades de fichas musicais (as veces máis de cen mil) as melodías almacénanse en ordenadores electrónicos, o que permite unha vista xeral máis rápida e máis obxectiva. Sobre este tratamento electrónico do material musical véxase Elscheková (1968); esta mesma musicóloga dá un resumo do problema da sistematización e da súa historia (1975).

3. Unha melodía non é unha creación singular, senón a recreación instantánea dun tipo melódico. As melodías da tradición oral non son creacións fixas senón recreacións susceptibles de variación de persoa a persoa e de xeración a xeración. Na súa feitura actual están adaptadas á maneira de cantar de agora; a súa forma orixinaria remóntase a tempos remotos. Cada melodía tén a súa propia historia.

4. A comparación das melodías permite apreciar as súas propiedades comúns e extraer tipos. Comparándolas recoñecemos-lo común e o distinto, o xeral e o individual. Isto, ademais da súa distribución xeográfica, dá-nos idea da variabilidade dunha melodía e permite esclarece-la súa orixe ou procedencia. Cantas máis melodías do mesmo tipo, de fontes distintas, coñezamos tanto mellor recoñeceremo-la historia e a fortuna dunha melodía.

5. Pa xunta-los tipos melódicos usa Dobszay (1978, p. 232) para o material húngaro os criterios seguintes:

I. Sistemas de clasificación

1. Presentamos en este volumen letras que se refiren a un traballo o a un oficio, junto a las melodías con que las interpretaban los informantes que nos las proporcionaron. Las melodías y los textos van ordenados con criterios diferentes: las letras desde el punto de vista de sus temas, y las melodías conforme a un criterio musical. (cf. §§ 10-26).

Los textos son susceptibles de una ordenación sistemática; en general, algún tipo de ordenación siempre fue adoptada por parte de los recolectores de cantares (temática, alfabética o métrica), pero la sistematización de melodías no se había intentado antes de principios de este siglo. Hoy es considerada como necesaria por musicólogos y etnomusicólogos porque únicamente de este modo resulta posible orientarse entre la multitud de melodías y se hace practicable el camino para un estudio comparativo de las mismas.

2. I. Krohn (1902:p . 644) aboga por «una ordenación de melodías por afinidades melódicas». Siguiendo su orientación, se publican las primeras colecciones de melodías ordenadas sistemáticamente: cf.: Launis (1910), Bartók (1923, 1925), Väisänen (1937, 1948).

Actualmente, en algunos archivos de música popular, donde se recogen grandes cantidades de fichas musicales (a veces más de cien mil), las melodías se almacenan en ordenadores electrónicos; ello permite una visión general más rápida y objetiva. Sobre este tratamiento electrónico del material musical, véase Elscheková (1968); esta misma musicóloga da un resumen del problema de la sistematización y de su historia (1975).

3. Una melodía no es una creación singular, sino una recreación instantánea de un tipo melódico. Las melodías de la tradición oral no son creaciones fijas, sino recreaciones suceptibles de variación de persona a persona y de generación a generación.

En su estructura actual están adaptadas a la manera de cantar de ahora; su forma originaria se remonta a tiempos remotos. Cada melodía tiene su propia historia.

4. La comparación de las melodías permite apreciar sus propiedades comunes y extraer tipos. Comparándolas reconocemos lo común y lo distinto, lo general y lo individual. Esto, además de su distribución geográfica, nos da idea de la variabilidad de una melodía y permite esclarecer su origen o procedencia. Cuantas más melodías de un mismo tipo y de distintas fuentes conozcamos, tanto mejor reconocemos la historia y la fortuna de una melodía.

5. A fin de reunir los tipos melódicos, Dobszay (1978,p. 232) usa para el material húngaro los siguientes criterios:

- a) cantidade de sílabas igual e forma idéntica
- b) base rítmica idéntica
- c) liña melódica idéntica e notas principais da escala idénticas
- d) identidade tonal
- e) difusión xeográfica clara
- f) temática de letra común
- g) coincidencia na función e no xénero.

6. Dentro de cada tipo hai distintos graos de afinidade: desde a identidade total ata a creación nova localizada na fronteira do tipo (adoptamos aquí a nomenclatura de W. Wiora (1968, p. 35):

Variante (Variantenbildung): Diferencias pequenas que non afectan a identidade da estrutura da melodía. (88a);
Transformación (Umbildung): Transposición dalgunhas partes da melodía (cp. 86a con 86b);

Cambio de centro tonal (tonale Umzentrierung) (39, 63, 95a);

Mezcla (Vermischung) de dous tipos melódicos (86b, cf. o comentario melódico).

Melodías «novas» por intervención na melodía ou na forma;

Proseguimento (Fortspinnung): Comenzar unha melodía cun principio dado e continuala de maneira libre, sen seguir suxeito á melodía inicial.

7. As melodías novas non adoitan nacer no vacío; orixínanse cando o cantante se aparta do tipo melódico de maneira que lles fai perde-la identidade; tamén cando recompón a melodía a base de distintas fórmulas e xiros melódicos; tamén cando forma un modelo melódico (81b, 104).

Pero non tódalas variantes son creativas. A intervención creadora do cantante de tradición oral tén tamén unha propiedade, esta negativa: a de estropea-la melodía (zersingen). Isto sucede cando a melodía se vai olvidando ou o cantante perde a sensibilidade e a consciencia do xénero e función dunha cántiga.

No canto popular galego, no que os xéneros se manifestan polo ritmo e a velocidade, é o ritmo o máis susceptible de dexeneracións deste tipo. Isto motiva que, moitas veces, non saibamos se se trata dunha jota ou muiñeira estropeadas (104m).

8. A nosa orde das melodías toma en consideración, en primeiro lugar, as características melódicas. Con eso damos preferencia a un dos elementos que forman unha melodía e deixamos de lado outros. Deste modo podemos orientarnos mellor na clasificación. Pero hai que se dar conta que outros elementos coma o ritmo, a realización do cantar (Aufführungspraxis) e, ás veces, a velocidade, son máis esenciais para o carácter dunha melodía cá liña melódica mesma. Tamén é esencial a expresividade persoal de cada intérprete; pero isto é imposible de ser recollido na transcripción.

9. Por outra parte, a ordenación melódica facilitano-la comparación das distintas versións dun tipo melódico e así

- a) igualdad en número de sílabas e idéntica forma.
- b) base rítmica idéntica.
- c) igual línea melódica y notas principales de la escala idénticas.
- d) identidad tonal.
- e) difusión geográfica clara.
- f) temática de letra común.
- g) coincidencia en la función y en el género.

6. Dentro de cada tipo hay distintos grados de similitud, desde la identidad total hasta la nueva creación localizada en la frontera del tipo (adoptamos aquí la nomenclatura de W. Wiora 1968,p. 35):

Variante (Variantenbildung): Diferencias pequeñas que no afectan a la identidad de la estructura de la melodía (88a);
Transformación (Umbildung): Transposición de algunas partes de la melodía (cp. 86a con 86b);

Cambio de centro tonal (tonale Umzentrierung) (39, 63, 95a);

Mezcla (Vermischung) de dos tipos melódicos (86b; cf. el comentario melódico);

Melodías nuevas por intervención en la melodía o en la forma;

Proseguimento (Fortspinnung): Iniciar una melodía con un principio dado y continuar de manera libre, sin seguir sujeto a la melodía inicial.

7. Las melodías nuevas no suelen nacer en el vacío; se originan cuando el cantante se aparta del tipo melódico de modo que les hace perder la identidad, cuando recompone la melodía a base de distintas fórmulas y giros melódicos, y también cuando forma un modelo melódico. (81b, 104).

Pero no todas las variantes son creativas; la intervención creadora del cantante tiene también una propiedad, ésta negativa: la de estropear la melodía (zersingen). Esto sucede cuando la melodía se va olvidando, o cuando el cantante pierde la sensibilidad y la consciencia del género y función de una «cantiga».

En el canto popular gallego, en el que los géneros se manifiestan por el ritmo y la velocidad, es el ritmo el más susceptible de degeneraciones de este tipo. Esto motiva que, muchas veces, no sepamos cuando se trata de una jota o una «muiñeira» estropeadas (104m).

8. Nuestra ordenación de las melodías toma en consideración, en primer lugar, las características melódicas. Con eso damos preferencia a uno de los elementos que forman una melodía y dejamos de lado otros; de este modo podemos orientarnos mejor en la clasificación. Pero debemos darnos cuenta de que otros elementos como el ritmo, la realización del cantar (Aufführungspraxis) y, a veces, la velocidad, son más esenciales para el carácter de una melodía que la propia línea melódica. También es esencial la expresividad de cada intérprete; pero esto es imposible de recoger en transcripción.

9. Por otra parte, la ordenación melódica nos facilita la comparación de las distintas versiones de un tipo melódico,

podemos verificar que un tipo melódico pode dar lugar a realizacións moi distintas. Damos algúns exemplos:

—O n. 11 é un canto de seitura de ritmo libre. Cántase pou-sado, segundo o temperamento e o talento de cada intérpre-te e o ambiente, con máis ou menos melismas. Citámo-la mesma melodía no comentario, como canción de arriga. Nesta versión é un canto silábico e o seu pulso coincide co ritmo do traballo.

—As dúas versións do n. 81 son cantadas tan distintas que resulta difícil reconece-lo tipo melódico común; unha é un alalá e outra unha muiñeira.

—As dúas cantantes, Delfina e Rosa, realizan, con toda conciencia, a mesma melodía como muiñeira ou como jota. (104w).

—Un exemplo de cómo se move un cantante entre a impro-visación e a convención móstrano-lo a comparación do 105 co 141: o cambio do metro da letra (de octosílabos en ende-casílabos) transforma a muiñeira vella en muiñeira nova.

II. A orde das melodías

10. O conxunto do noso material componse de melodías de estratos diacrónicos distintos e de estilos heteroxéneos. Aínda que en primeiro lugar nos preocupamos de salva-las melodías antigas antes de que se olviden de todo, pensamos que a documentación sería incompleta se non incluíse tamén melodías máis novas e se indicasen influencia de fóra. Por eso dividímo-las melodías en varios grupos e usamos en cada grupo un sistema de clasificación individual. No índice damos un resumo dos grupos distintos. Aquí explicamo-lo sistema de clasificación en detalle:

a) *Cantos de labor*

11. Unicamente as cantigas deste grupo son inseparables dunha faena; habería que incluír tamén aquí o «tróupele-tróupele» que clasificamos entre as muiñeiras novas por razóns de tipo morfolóxico. Distinguimos dúas clases de cantos de labor:

1. Cantos que acompañan o ritmo de traballo. Non os atopamos con frecuencia. Na nosa colección son os n. 1 (Maza-lo leite), n. 8 (Maza-lo liño), n. 9 (Ripa-lo liño) e n. 140a-f (Tróupele-tróupele). Son cantos silábicos cun pulso básico coincidente cos movementos rítmicos do corpo ó traballar.

2. Cantos que se usan durante unha faena sen que o pulso da melodía teña relación cos movementos rítmicos do traballo. Con frecuencia tamén a letra se refire ó traballo co-respondente. Moitas destas cántigas cántanse con ritmo li-bre e pousado.

12. As cántigas deste grupo ordenámolas combinando os tres puntos de vista seguintes:

1. Labor ó que se refiren. (§ 13)
2. Distribución xeográfica. (§ 14)

y así podemos verificar que un tipo puede dar lugar a reali-zaciones muy distintas. Damos algunos ejemplos:

—El n.º 11 es un «canto de seitura» (siega) de ritmo li-bre. Se canta reposadamente y, según el ambiente, el tem-peramento y talento de cada intérprete, con más o menos melismas. Citamos la misma melodía en el comentario, co-mo «canción de arriga» (arrancar el lino); en esta versión se trata de un canto silábico y su pulso coincide con el ritmo del trabajo.

—Las dos versiones del n.º 81 son cantadas tan diferente-mente que resulta difícil reconocer el tipo melódico común: una es un «alalá» y otra es una «muiñeira».

—Los dos cantantes, Delfina y Rosa, realizan con toda con-ciencia la misma melodía como muiñeira y como jota. (104w).

—Un ejemplo de cómo se mueve un cantante entre la im-provisación y la convención nos lo muestra la comparación del n.º 105 con el 141: el cambio del metro de la letra (de oc-tosílabos en endecasílabos) transforman la «muiñeira vella» en «muiñeira nova».

II. El orden de las melodías

10. El conjunto de nuestro material se compone de melo-días de estratos diacrónicos distintos y de estilos heterogé-neos. Aunque nuestra primera preocupación sea salvar las melodías antiguas antes de que se olviden del todo, cree-mos que nuestra documentación sería incompleta si no in-cludyese también melodías más recientes e indicase influen-cias de fuera. Por eso dividimos el conjunto de melodías en varios grupos y usamos en cada grupo un sistema de clasi-ficación individual. En el índice ofrecemos un resumen de los distintos grupos; aquí explicamos en detalle el sistema de clasificación.

a) *Cantos de labor*.

11. Unicamente los cantos de este grupo son insepara-bles de una faena; había que incluír aquí el «tróupele - tróu-pele» que clasificamos entre las «muiñeiras novas» por ra-zones de tipo morfológico. Distinguimos dos clases de can-tos de labor:

1. Cantos que acompañan el ritmo de la labor. No son fre-cuentes. En nuestra colección son los n.º 1 (Maza-lo leite), n.º 8 (Maza-lo liño), n.º 9 (Ripa-lo liño), n.º 140a-f (Tróupe-le - tróupele). Son cantos silábicos con un pulso básico coi-cidente con los movimientos del cuerpo al trabajar.

2. Cantos que se usan durante una faena sin que el pulso de la melodía tenga relación con los movimientos rítmicos de la labor; con frecuencia también la letra se refiere al trabajo correspondiente. Muchos de estos cantos se interpretan con ritmo libre y reposado.

12. Los cantos de este grupo los ordenamos combinando los tres puntos de vista siguientes:

1. Labor a la que se refieren (§ 13)
2. Distribución geográfica (§ 14)

3. Cantidade de versos, ámbito estrutural e cadencias. (§ 15)

13. 1. En xeral as letras indican a qué faena se aplica un canto; pero isto non ocorre sempre de maneira necesaria (p. ex. co n.º 10 e con moitos cantos de seitura).

14. 2. Entre os cantos de labor abundan os chamados *canto de seitura* ou *son da sèga*. Estes cantos arcaicos son de ámbito estreito e melismáticos. Atopámoslos hoxe principalmente nas montañas de Lugo e Ourense. Aínda que a nosa investigación etnográfica non está completa perfílase claramente que cada melodía de seitura ocupa unha área xeográfica determinada. A melodía n.º 11, p. ex., encontrámola no Sur de Ourense entre Bande e A Mezquita e entre Fontefría e Cerdedelo. Varios informantes de A Mezquita explicáronnos que foron os segadores alugados quen lles trouxeron os cantos. Estes alugados procedían de Verín, Vilardevós e Riós ou de Portugal. No Norte da provincia de Ourense a nosa investigación está incompleta. Parece que hai unha fronteira musical entre Xunqueira de Espadanedo e Castro Caldelas.

No leste de Lugo atopamos melodías comúns para a rexión da Fonsagrada e Ribeira de Piquín. As zonas do Courel e dos Ancares (León) teñen cada unha as súas propias melodías. No Bierzo atopamos cantos de sega en **Balboa; Dragonte Corullón; Vilar, Parada do Souto, San Fiz do Seo, Trabadelo; e Busmaior, Barxas**. Na maioría dos sitios coincide o son co de Ancares (comparar Ap. 22c bis co 22). O son que atopamos en San Fiz do Seo coincide no desenvolvemento da melodía co son de Pedrafita do Cebreiro e As Nogais, pero a tonalidade coincide coa de Candín (comparar Ap. 21e con 21 e 22). Aínda que advertimos en moitas ocasións que o cambio de escala da mesma melodía é frecuente e usual (cf. 11), chama, neste caso, a atención que tódalas versións do son de Candín conserven sempre a tonalidade de maior (cf. as versións do 22) e a do Courel manteña sempre a tonalidade en *mi* (cf. 21); e que o de Busmaior (Ap. 21bis) manteña unha posición intermedia entre os sons do Courel e de Ancares. A tonalidade coincide coa do Courel e tamén o 3.º verso (cf. 21b e d), pero no 1.º e 2.º versos coincide máis coas versións de Candín. As versións do Courel, pola súa parte, non permiten recoñecer claramente o tipo melódico común.

Tendo en conta que a extensión xeográfica está bastante clara (o cal non adoita ocorrer con outros cantos) ordenámoslas pola provincia onde aparecen: seituradas das provincias de Ourense e Zamora e segas das provincias de Lugo e León (ver mapa 1).

15. 3. O sistema de clasificación por cadencias é un dos usuais na clasificación de melodías; suxeriu I. Krohn (1902) e seguírono despois F. Kolessa (1922) para os cantos ucraninos e Bartók (1923 e 1925) para os cantos húngaros, combinándoo con sistemas de clasificación rítmica.

16. Por cadencia entendémosla última nota dun verso musical. Tendo en conta que as variantes melódicas son máis frecuentes e máis notables ó principio do verso, e que a nota final dun verso téñen máis importancia coma nota principal

3. Cantidad de versos, ámbito estrutural y cadencias (§ 15).

13. 1. En general, las letras indican a qué faena se aplica un canto, pero esto no ocurre necesariamente siempre (p. ej. en el n.º 10 y en muchos cantos de seitura).

14. 2. Entre los cantos de labor abundan los llamados «canto de seitura» y «son da sega». Estos cantos arcaicos son de ámbito estrecho y melismáticos. Los hallamos hoy principalmente en las montañas de Lugo y Ourense; y aunque nuestra investigación etnográfica no está completa, se perfila claramente que cada melodía «de seitura» ocupa una área geográfica determinada. La melodía n.º 11, por ejemplo, la encontramos en el sur de Ourense, entre Bande y A Mezquita, y entre Fontefría y Cerdedelo. Varios informantes de A Mezquita nos explicaron que fueron los segadores jornaleros quienes les trajeron los cantos. Estos jornaleros procedían de Verín, Vilardevós, Riós o de Portugal. En el norte de la provincia de Ourense nuestra investigación es incompleta. Parece que hay una frontera musical entre Xunqueira de Espadanedo y Castro Caldelas.


En el Este de Lugo encontramos melodías comunes a la región de Fonsagrada y a la de Ribeira de Piquín. La zona de Os Ancares (León) y del Courel tienen cada una sus propias melodías. En el Bierzo encontramos cantos de siega en **Balboa; Dragonte, Corullón; Parada do Souto, Vilar, San Fiz do Seo, Trabadelo; y Busmaior, Barxas**. En la mayoría de los lugares coincide la melodía con la de los Ancares (comparar Ap. 22c bis con 22). La tonada que encontramos en San Fiz do Seo coincide en el desarrollo de la melodía con la tonada de Pedrafita do Cebreiro y As Nogais, pero la tonalidad coincide con la de Candín (comparar Ap. 21e con 21 y 22). Aunque advertimos en muchas ocasiones que el cambio de escala de la misma melodía es frecuente y usual (cf. 11), llama, en este caso, la atención que la tonada de Candín conserve siempre la tonalidad de mayor (cf. las versiones del 22) y la de Courel mantenga siempre la tonalidad en *mi* (cf. 21); y que el de Busmaior (Ap. 21bis) mantenga una posición intermedia entre las tonadas del Courel y de Ancares. La tonalidad coincide con la del Courel y también el 3er. verso coincide más con las versiones de Candín. Las versiones del Courel, por su parte, no permiten reconocer claramente el tipo melódico común.

Teniendo en cuenta que la extensión geográfica está bastante clara (lo cual no suele ocurrir con otros cantos), las ordenamos según la provincia donde aparecen: «Seituradas» de las provincias de Ourense y Zamora y «segas» de las provincias de Lugo y León (ver mapa 1).

15. 3. El sistema de clasificación por cadencias es uno de los usuales en la clasificación de melodías: lo sugirió I. Krohn (1902) y le siguieron después F. Kolessa (1922) para los cantos ucranianos y Bartók (1923 y 1925) para los cantos húngaros, combinándolo con el sistema de clasificación rítmica.

16. Por «cadencia» entendemos la última nota de un verso musical. Teniendo en cuenta que las variantes melódicas son más frecuentes y más notables al principio del verso, y que la nota final de un verso tiene más importancia como

Localización das seituras



Mapa 1

dentro da escala e da melodía, é esta nota final a que se toma coma referencia.

As notas finais dun verso désígnanse polo intervalo con respecto á nota final do canto ou á nota básica, con cifras romanas se son máis graves cá final, con cifras arábicas se son máis agudas. A nota final, en xeral, é 1 (1.º grao), a non ser que a tonalidade pida outra interpretación (p. ex. final en 3.ª) ou ocorra que nun contexto de varias coplas do mesmo informante o final das coplas non coincida cada vez e o final dunha copla non se poida considerar coma final definitivo. En melodías de catro (ou cinco) versos a 2.ª cadencia, por orde de importancia, é a que coincide coa cesura principal, ó final do 2.º verso. Despois veñen as cadencias correspondentes ás cesuras do 1.º, 3.º (e 4.º) versos. Gracias a este método as melodías iguais e semellantes chegan a estar xuntas automáticamente.

17. Indicámo-la nota final con □, a nota anterior á cesura principal con □, a 1.ª cadencia con □ e a 3.ª (e 4.ª) cadencia con □. Entón □ VII □ indica unha melodía de dous versos que téñ a 1.ª cadencia no 7.º grao por baixo da nota final e a nota final coincidente coa nota básica (cf. n. 11).

□ □ VII □ é unha melodía de catro versos coa 1.ª cadencia no 3.º grao, a 2.ª e 4.ª cadencias na nota básica e a 3.ª cadencia no VII.º grao por baixo da nota básica (cf. n. 44).

18. Ás veces, por razóns musicais, abandonámo-la ordeñación por cadencias. Desta maneira van xuntas varias melodías que a orde estricta de cadencias separaría innecesariamente. Pero esto é excepcional.

b) *Cántigas sen función determinada*

19. Este grupo, o máis abundante de todos, contén melodías que só por casualidade levan letras que se refiren a un labor ou oficio. O tema destas cántigas son persoas que realizan un oficio ou un labor pero o uso das mesmas é separable da realización do traballo dos seus protagonistas. Se unha cántiga fala de costureiras non téñ que ser necesariamente cantada pola costureira ou mentras que a costureira cose. Estas cántigas hai que relacionalas co contexto social, co lugar e ambiente onde se cantan: na xuntanza da comunidade dunha aldea, na fuliada, no fiadeiro, no muíño, no serán. Tamén os narrativos interpretados polos cegos nas feiras e noutros ambientes, carecen de función determinada.

20. Ordenamos estas melodías en tres grupos:

1. Melodías ordenadas por cantidade de versos musicais e polas cadencias (§ 21-24).
2. Melodías coa forma A A A B (§ 25)
3. Melodías improvisadas (§ 26)

21. Melodías ordenadas por cantidade de versos musicais e polas cadencias: Nesta orde o primeiro criterio é o da cantidade de versos musicais.

22. Hai melodías de dous versos; pero hai que ter en conta que hai melodías de dous versos que poden derivar de melo-

nota principal dentro de la escala y de la melodía, es esta nota final la que se toma como referencia.

Las notas finales de verso se designan por el intervalo con respecto a la nota final del canto o a la nota básica, con números romanos si son más graves que la final, o arábigos si son más agudas que ésta. La nota final generalmente es 1 (1.º grado), a no ser que la tonalidad pida otra interpretación (p. ej. final en tercera), o bien ocurra que, en un contexto de varias coplas del mismo informante, el final de las coplas no coincida cada vez, o que el final de una copla no se pueda considerar como final definitivo. En melodías de cuatro (o de cinco) versos, la segunda cadencia, por orden de importancia, es la que coincide con la cesura principal, al final de segundo verso. Después vienen las cadencias correspondientes a las cesuras del 1.º y 3.º (y 4.º) versos. Gracias a este método, melodías iguales o semejantes llegan de un modo automático a quedar juntas.

17. Indicamos la nota final con □, la nota anterior a la cesura principal con □, la 1.ª cadencia con □ y la 3.ª (y 4.ª) cadencias con □. Así, □ VII □ indica una melodía de dos versos que tiene la 1.ª cadencia en el 7.º grado por debajo de la nota final, y que la nota final coincide con la nota básica (cf. n.º 11).

□ □ VII □ representa una melodía de cuatro versos, con la 1.ª cadencia en el tercer grado, la 2.ª y 4.ª cadencias en la nota básica, y la 3.ª cadencia en el séptimo grado (VII) por debajo de la nota básica (cf. n.º 44).

18. A veces, por razones de índole musical, abandonamos la ordenación por cadencias. De este modo quedan juntas varias melodías que la ordenación estricta por cadencias separaría innecesariamente. Pero esto es excepcional.

b) *Cantos sin función determinada*

19. Este grupo, el más abundante de todos, reúne melodías que sólo por casualidad llevan letras que hagan referencia a una labor u oficio. El tema de estos cantos se refiere a personas que realizan un oficio, pero el uso de los mismos es separable de la realización del trabajo de sus protagonistas: si un canto habla de costureras, no tiene porque ser necesariamente cantado por la costurera mientras cose. Estos cantos hay que relacionarlos con su contexto social, con el lugar y el ambiente en que se interpretan: en la reunión de la comunidad de una aldea, en la «fuliada», en el «fiadeiro», en el molino, en el «serán».

También carecen de función determinada las narrativas interpretadas por los ciegos en las ferias y otros ambientes.

20. Ordenamos estas melodías en tres grupos:

1. Melodías ordenadas por cantidad de versos musicales y por las cadencias (§ 21-24).
2. Melodías con forma A A A B (§ 25).
3. Melodías improvisadas (§ 26).

21. 1. Melodías ordenadas por cantidad de versos musicales y por las cadencias: en este orden el criterio principal es el de la cantidad de versos musicales.

22. Hay melodías de dos versos; pero debemos tener en cuenta que hay melodías de dos versos que pueden derivar

días de catro e por eso estas ordenámolas dentro das melodías de catro versos. (cf. § 55). As triadas non son autónomas: xorden de melodías de catro versos case por casualidade, debido á súa grande liberdade formal. As melodías de cinco versos fórmanse por secuencia do 3.º verso musical. Non se computan os versos musicais repetidos se tamén se repite a letra (excepto o 1.º verso das triadas), ou se se repiten versos con sílabas baleiras (coma *ai la le lo*), xa que estas repeticións son facultativas.

Quedan, polo tanto, tres tipos formais: de 2, de 4 e de 5 versos.

23. Dentro de cada un destes tres tipos ordenámolas melodías polas cadencias segundo o sistema descrito antes (§§16-17). Excepcionalmente alterámo-la orde de cadencias (véxase arriba § 18).

24. Ás veces agrupamos series de coplas que, polo seu esquema de cadencias quedarían disgregadas; non quixemos separalas (rompendo así o noso sistema de clasificación en cadencias), senón mante-la orde que os nosos informantes lles deron, sempre cando se poidan agrupar dentro do mesmo tipo.

A presentación dunha melodía coas variantes e modificacións máis importantes que lle deu un informante serve de exemplo de cómo un cantante forma unha melodía dentro dunhas leis musicais ás cales se somete inconscientemente. A melodía que encabeza estas variantes (e que se ordena conforme ó sistema) foi escollida despois dun estudio comparativo que aconsellou dar preferencia a unha delas.

Esto leva a que nunha ocasión repetímo-la mesma melodía dúas veces (unha na clasificación xeral de cadencias e outra entre as variantes do informante) (50 e 88b).

25. 2. Melodías coa forma A A A B. Unha orde especial teñen as melodías 101-104. Teñen un tipo melódico común que apartamos do das outras melodías deste grupo para poderlo presentar na súa totalidade evitando así a súa disgregación: seguindo a ordenación por cadencias quedarían dispersas. Poderíamos considerar coma prototipo deste tipo melódico as melodías do n. 104g: a forma é A A A A, catro versos melódicos repetidos ou en secuencia, ou A A A B, tres versos melódicos repetidos ou en secuencia e un verso final. As melodías 101-102 cun ámbito estreito, que non permite apreciar movementos ascendentes ou descendentes senón un movemento ondulado (*wellenförmig*), caen perfectamente dentro deste grupo.

A maioría das melodías son muiñeiras ou jotás. Este tipo conservouse sobre todo na costa da Coruña e está aínda vivo.

Dentro deste grupo especial ordenámolas melodías tendo en conta en primeiro lugar o ámbito e en segundo lugar as cadencias.

26. 3. As cántigas improvisadas sentímolos de persoas que disfrutaban mentres nos cantaban pero que tiñan pouco hábito de cantar ou que tiñan a voz pouco educada. As variacións casuais na melodía non nos permiten integralas dentro das outras melodías.

de melodías de catro, por eso éstas las ordenamos en el grupo de las melodías de cuatro versos (cf. § 55). Las triadas no son autónomas: surgen de melodías de cuatro versos casi de un modo casual, por su gran libertad formal. Las melodías de cinco versos se forman por secuencia del 3.º verso musical. No se computan los versos musicales repetidos si también repiten la letra (excepto el 1.º verso de las triadas) o cuando se repiten versos con sílabas vacías (como *ai la le lo*), ya que estas repeticiones son facultativas.

Quedan, por lo tanto, tres tipos formales: de 2, de 4 y de 5 versos.

23. Dentro de cada uno de estos tres tipos, ordenamos las melodías según el sistema descrito anteriormente (§§ 16-17). Excepcionalmente alteramos el orden basado en las cadencias (véase arriba § 18).

24. A veces agrupamos series de coplas que, por su esquema de cadencias, hubiesen quedado disgregadas según nuestro sistema de clasificación; pero no quisimos separarlas para mantener el orden que nuestros informantes les dieron, siempre y cuando se puedan mantener dentro de un mismo grupo.

La presentación de una melodía con las variantes y modificaciones más importantes dadas por un informante sirve de ejemplo de cómo un cantante forma una melodía dentro de las leyes musicales a las que inconscientemente se somete. La melodía que encabeza este conjunto de variantes (ordenadas éstas conforme al sistema descrito) fue escogida después de un estudio comparativo que aconsejó dar preferencia a una de ellas.

Esto lleva a que en una ocasión repetamos la misma melodía dos veces (una en la clasificación general por cadencias y otra entre las variantes dadas por el informante) (50 y 88b).

25. 2. Melodías con la forma AAAB. Proponemos una ordenación especial en las melodías 101-104. Tienen un tipo melódico común, que separamos del de las otras melodías de este grupo para poderlo presentar en su totalidad, evitando así su desintegración: si siguiésemos la ordenación por cadencias, quedarían dispersas. Podríamos considerar como prototipo de este tipo melódico las melodías del número 104g: la forma es A A A A, cuatro versos melódicos repetidos o en secuencia, o A A A B, tres versos melódicos repetidos o en secuencia y un verso final. Las melodías 101-102, con un ámbito estrecho que no permite apreciar movimientos ascendentes o descendentes, sino un movimiento ondulado (*wellenförmig*), caen perfectamente dentro de este grupo.

La mayoría de las melodías son muiñeiras o jotás. Este tipo se conservó sobre todo en la costa de A Coruña y permanece actualmente vivo.

Dentro de este grupo especial, ordenamos las melodías teniendo en cuenta, en primer lugar, su ámbito, y, en segundo lugar, las cadencias.

26. 3. Los cantos improvisados los escuchamos de personas que disfrutaban mientras nos cantaban, pero que tenían poco hábito de cantar o la voz escasamente educada. Las variaciones casuales en la melodía nos impiden integrarlas entre las otras melodías.

c) *Melodías novas*

27. Nos grupos seguintes presentamos melodías novas (aínda que o límite entre vello e novo é difícil de establecer). Tamén no grupo anterior había melodías novas, pero non fixemos separación entre melodías vellas (patrimoniais) e novas (adoptadas) con tal que a melodía se adapte ó canto popular galego; un criterio para apreciar esta adaptación é a funcionalidade harmónica dentro da melodía adoptada do sistema clásico; outros criterios son as tonalidades maior e menor, o ritmo, o sistema do compás, a forma (p. ex. período, cesura na dominante, secuencias funcionais).

28. 1. *Jotas*

a. *Punto*: A maioría das jotas son de dous versos en secuencias. Ordenámolas por criterios formais:

1. melodías coa forma A A (110-118)
2. melodías coa forma A B (119-120)
3. melodías de catro versos (121-122)

b. *Volta*: A volta clasifícase igual có punto:

1. melodías de dous versos (123-128)
2. melodías de catro versos (129-134)

Haí que ter en conta que na maioría dos casos dous versos musicais corresponden a catro versos de letra.

29. 2. *Muiñeiras novas*

Un núcleo especial dentro do canto popular galego é o formado polas muiñeiras novas. A orde que lles damos pretende esclarece-lo desenvolvemento xenérico e morfolóxico da muiñeira nova:

1. Cantos arcaicos, sobre todo do Leste de Lugo (135-139)
2. Melodías con estruturas melódicas de acorde maior estático (140-144)
3. Melodías con influencia funcional (145-148)
4. «Molineira» de Ancares e muiñeira do Courel (149-150)
5. Mezcla e superposición dos xéneros (151-154).

30. 3. *Melodías varias*

Como melodías varias entendemos todas aquelas melodías novas que non se adaptan ó canto popular galego. As súas orixes son variadas (músicas de autor, de coro, de bandas). Non forman unha unidade estilística homoxénea. As melodías están ordenadas por xénero de escala (maior - menor - *mi*), cantidade de versos e cadencias (cf. § 16-17).

III. Presentación e transcripción

31. As melodías numéranse consecutivamente mediante cifras arábegas (1, 2...)

Baixo do mesmo número agrúpanse, numeradas polas letras do alfabeto, melodías que pertencen ó mesmo tipo (p. ex. 10a, 10b...). Á súa vez, as variantes melódicas que proceden de informantes distintos numerámolas cun índice suprascrito (104g¹, 104g², ...)

c) *Melodías nuevas*

27. En los siguientes grupos presentamos melodías nuevas (aunque es difícil de establecer un límite para ellas). También en el grupo anterior había melodías nuevas, pero no hicimos separación entre melodías viejas (patrimoniales) y nuevas (adoptadas) con tal de que la melodía se adecuase al canto popular gallego; un criterio para apreciar esta adecuación es la funcionalidad armónica dentro de la melodía adoptada del sistema clásico; otros criterios son las tonalidades mayor y menor, el ritmo, el sistema de compás, o la forma (p. ej., período, cesura en la dominante, secuencias funcionales).

28. 1. *Jotas*

a. *Punto*: la mayoría de las jotas son de dos versos en secuencias. Las ordenamos por criterios formales:

1. melodías con la forma A A (110-118)
2. melodías con la forma A B (119-120)
3. melodías de cuatro versos (121-122)

b) *Vuelta*: La vuelta se clasifica igual que el punto:

1. melodías de dos versos (123-128)
2. melodías de cuatro versos (129-134)

Hay que tener en cuenta que en la mayoría de los casos, dos versos musicales corresponden a cuatro versos de letra.

29. 2. *Muiñeiras nuevas*

Un núcleo especial dentro del canto popular gallego es el formado por las «muiñeiras» nuevas. El orden que les damos pretende esclarecer el desarrollo genético y morfológico de la «muiñeira» nueva.

1. Cantos arcaicos, sobre todo del Este de Lugo (135-139).
2. Melodías con estructuras melódicas de acorde mayor estático (140-144).
3. «Molineira» de Ancares y «Muiñeira» de O Courel (149-150).
4. Mezcla y superposición de los géneros (151-154).

30. 3. *Melodías varias*

Como melodías varias entendemos todas aquellas melodías nuevas que no se adaptan al canto popular gallego. Sus orígenes son variados (músicas de autor, de coro, de bandas), y no forman una unidad estilística homogénea. Las melodías están ordenadas por el género de la escala (mayor - menor - *mi*), cantidad de versos, y cadencias (cf. §§ 16,17).

III. Presentación y transcripción

31. Las melodías se numeran consecutivamente mediante cifras arábegas (1,2,3,...).

Bajo un mismo número, ordenadas por las letras del alfabeto, agrupamos melodías que pertenecen al mismo tipo (p. ej. 10a, 10b,...). A su vez, las variantes melódicas que proceden de informantes distintos las numeramos con un índice suprascrito (104g¹, 104g²,...)

32. Transpoñémo-las melodías de maneira que a nota final é sempre *sol* (excepto algunhas melodías que acaban en terceira funcional ou algunhas outras en que, dentro dunha serie de coplas, a nota final non é sempre a mesma). Únicamente unha das pezas do cantante e violinista cego, Florencio, queda sin transpoñer pra evitar tamén a transposición do violín. (93)

A altura orixinal indicámola ó final da partitura entre parénteses; esta nota refírese á última nota do canto, tal como está rexistrado na cinta, ou ben o final dunha estrofa se non coincide en tódalas estrofas. Non distinguimos entre voces de mulleres e homes; en caso de voces graves de muller indicámola altura en clave de *fa*.


33. En cantos narrativos de varias estrofas eliximos só a máis característica; cando as variantes son moi notables danse dúas ou máis estrofas transcritas íntegramente. Cando as variantes son de escasa entidade, indícanse en chamadas. As diferencias refírense, se non hai outra indicación, á última estrofa transcrita. Ás veces transcribimos variantes pequenas encima do pentagrama.


34. As repeticións indícanse polo sistema convencional. En caso de que a repetición encerre algunha diferenza ou pau da nota ponse por abaixo. Cando da primeira ou da segunda vez hai que eliminar algo, indícase con parénteses. Nas coplas soltas normalmente eliximos unhas cantas, ou damos unha serie delas seguidas.


35. Na parte inicial do pentagrama están postas unicamente as alteracións que realmente aparecen na melodía. As alteracións dentro dun pentagrama refírense á nota seguinte ou ás notas seguintes en caso de que se repita a mesma nota.


36. ↓↑ (encima dunha nota) indica a entonación máis baixa ou máis alta respectivamente (sen chegar ó semitono)

